

## CÉDULA DE NOTIFICACIÓN

Notificación a descoñecidos Decreto declaración de ruína inminente de edificación en Ver, R/ Concheiros, Concello de Bóveda:

Mediante Decreto número 402-2014 de data 31 de outubro de 2014 esta Alcaldía resolveu: "Primeiro.- Declarar en estado de ruína inminente o inmóvel de referencia catastral: 4191704PH2149S0001GU, sito en Ver, R/ Concheiros, desta localidade; Segundo.- Ordenar a realización das seguintes medidas de seguridade de xeito inmediato: 1.- Valado perimetral do inmóvel afectado, 2.- Arriostramento mediante cerchas metálicas de todos os muros que co seu colapso presenten risco de alcance da vivenda colindante, 3.- Valado, mediante estrutura metálica con bandexa horizontal, do acceso á vivenda colindante; Terceiro.- Requirir ós propietarios, para que, baixo a súa responsabilidade e no prazo máximo de CORENTA E OITO (48) horas, procedan á execución da demolición do inmóvel, advertíndolles do posible exercicio da execución subsidiaria por parte deste Concello, no suposto de que non cumpran co ordenado; sendo os gastos que se ocasionen á súa costa e podéndose utilizar o procedemento de prema para o reintegro dos mesmos".

Descoñecéndose os propietarios e/ou titulares de dereitos reais sobre o inmóvel, mediante a presente Cédula e ao amparo do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícase aos mesmos a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, comunicase que o texto íntegro do acordo que se notifica atópase nas dependencias deste Concello, sito na Avda. Alfonso XIII, nº 85 da localidade de Bóveda (Lugo), para a súa consulta no prazo de 10 días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación desta Cédula. Transcorrido o devandito prazo a notificación entenderase producida.

Para que conste e sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da LRXPAC, expido e asino esta cédula.

Bóveda, a 6 de febreiro de 2015.- O Alcalde-Presidente,José Manuel Arias López

R. 0545

## LUGO

### Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local nº 12/33 do día 21 de xaneiro de 2015, aprobáronse os pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS (LOTE 1), MATERIAL DE IMPRENTA (LOTE 2) E MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIALE (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABIERTO.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

- a) Descripción do obxecto: O obxecto do presente contrato é a subministración de diversos consumibles de papelería, distribuídos nos seguintes lotes:

**LOTE 1: PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS, tamaños A4 e A3.**

**LOTE 2: - MATERIAL DE IMPRENTA**

**LOTE 3: MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIALE**

- b) Prazo de duración: O acordo marco terá unha vixencia de UN ANO, dende a data da súa formalización, podendo prorrogarse por anualidades sucesivas ata un máximo de TRES ANOS, previo acordo expreso do órgano de contratación.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto

#### 4.- Tipo de licitación

- a) Orzamento máximo do Contrato:

O presupuesto máximo para a primeira anualidade para a totalidade dos lotes, ascende á cantidad de 53.971,60 euros ó que sumado o IVE ( 21% ) - 11.334,04 euros- acada a cantidad de **65.305,64 euros IVE incluído**. Esta cantidad indícase únicamente a efectos de publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

O **valor estimado do contrato** -tendo en conta o importe de tódolos lotes excluído o IVE e as posibles prorrrogas- ascende a **161.914,80 euros IVE excluído**

**5.- Garantías:**

- a) **Provisional:** Non se esixe
- b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6. Obtención de documentación e información.**

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3<sup>a</sup> planta.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-71-45, 29-71-44, 29-73-01
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (Perfil do contratante/contrato de subministracións)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

- a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) **Lugar de presentación:**
  - 1<sup>a</sup> **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben por correo.
  - 2<sup>a</sup> **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
  - 3<sup>a</sup> **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

- a) **Entidade:** Concello de Lugo
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3<sup>a</sup> Planta
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data:** Ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de prescripcións técnicas e no prego de cláusulas administrativas particulares.

**11.- Gastos de anuncios:** 157,56 euros, que serán por conta do/s adxudicatario/s.

Lugo, 22 de xaneiro de 2015.- A 8<sup>a</sup> TENENTA DE ALCALDE, Rosana Rielo Rozas

R. 0495

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### NOTIFICACIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, públicase extracto da resolución ditada no marco de INCOACIÓN EXPEDIENTE DE VEHÍCULO ABANDONADO (Xunta de Goberno Local de 28.03.2014) , dos vehículos indicados no anexo I, ao non ser posible realizarla notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido por dúas veces, feito do que se ten constancia no expediente.

Polo que se lle indica ós titulares dos vehículos indicados no anexo I que teñen a súa disposición a resolución indicada (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/03/2014) e o expediente administrativo, en horario de 09:00 a 14:00 horas nas dependencias da Secretaría do Concello de Monforte sitas na pranta baixa da casa consistorial, Campo de San Antonio S/Nº , Monforte de lemos, Lugo, CP 27400, para o coñecemento do contido íntegro do acto e constancia de tal feito.

Advertíndolle de forma expresa que, transcorrido un prazo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo deste anuncio a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais, continuándose cos trámites pertinentes.

#### ANEXO I

#### INCOACIÓN EXPEDIENTE VEHÍCULO ABANDONADO

**VEHÍCULO CON MATRÍCULA:** PO1189BL

**TITULAR:** Dª MARIA SUSANA MONTOYA MONTOYA